

B A N D O

Cúmprese nestas datas o medio século da creación do *Premio de Europa*, un galardón co que o Consello de Europa fai expreso recoñecemento da vontade europeísta das cidades e pobos do continente. Unha vontade que se expresa na difusión e práctica dos valores comúns sobre os que debe sustentarse a identidade europea: os valores da convivencia, da tolerancia e da solidariedade.

Desde a súa creación, no ano 1955, máis de sesenta cidades e pobos acadaron este título, que implica o firme compromiso de promover as relacións entre os cidadáns de toda Europa. Un espírito compartido mesmo por cidades e pobos que sen pertencer expresamente á Unión Europea asumen e comparten o mesmo ideario.

Santiago de Compostela acadou o Premio de Europa o mesmo ano no que España asinara o Tratado de Adhesión á Unión Europea, en 1985, hai agora vinte anos, sendo a primeira cidade española, e a única ata agora, en obter este galardón. A vocación europeísta de Compostela veu referendada polo Camiño de Santiago, un sendeiro onde confluíron durante séculos as máis diversas linguas e culturas, propiciando o mutuo coñecemento e a recíproca comprensión, a arxila coa que se modelou o espírito europeo tal e como expresara Dante Alighieri: “nos camiños de Santiago naceu a conciencia de Europa”.

Nun momento histórico para a construción de Europa, paralizada por un profunda crise, o encontro en Compostela de todas as cidades galardoadas co Premio de Europa con motivo da celebración do 50 aniversario deste premio, pode e debe servir de referendo á confianza nun horizonte común e compartido, que reflicta acertadamente os anhelos e esperanzas dos cidadáns europeos e que recupere o seu entusiasmo.

E nesta tarefa as cidades, como espazo privilexiado e preferente de relacións sociais e de vida, debemos ratificar o noso un maior compromiso cotiá co título que nos honra, o Premio de Europa.

Co nosa máis cordial benvinda a todas as cidades que conmemoran en Compostela este 50 aniversario.

Xosé A. Sánchez Bugallo
Alcalde de Santiago de Compostela